

PROXECTO RÍOS:

INSPECCIÓN PRIMAVERA 2017

O pasado martes, 16 de maio, algúns alumnos de 4º ESO de Bioloxía saíron ó Río Pequeno pola mañá, para realizar a toma de datos correspondente á inspección de primavera.

Despois de recorrer o tramo de estudio para observar os posibles cambios, os alumnos procederon a facer as análises pertinentes co fin de cubrir a ficha na que se reflexan 3 aspectos do río: calidade hidromorfolóxica, calidade físico-química e calidade biolóxica.

Deducimos que a calidade ecolóxica do ecosistema fluvial no tramo elixido segue sendo boa, con augas ben osixenadas e non contaminadas, tal e como indican a presenza dos numerosas macroinvertebrados atopados.

Os resultados foron os seguintes:

1.- Calidade hidromorfolóxica:

Hábitat: a auga flúe, o nivel de auga quizás é un pouco máis baixo do esperado debido á seca dos últimos meses, hai frecuencia ocasional de rápidos, o substrato son coídos e gravas con area e limos, a cobertura de vexetación acuática é escasa e o río presenta moitos claros. Isto lévanos a unha valoración final do hábitat boa, de 63 puntos, que se interpreta como un hábitat ben constituído, que pode soportar unha boa comunidade de macroinvertebrados.

Bosque de ribeira: Para unha primeira valoración empregamos o índice QRISI aplicándoo nas dúas marxes. Na dereita ten calidade moderada, con bastantes árbores propias de ribeira (amieiro, salgueiro, loureiro, bieiteiro, freixo, ...) pero na esquerda ten calidade bastante menor xa que a intervención humana segue estando máis presente (prado, casa, gando....)

2.- **Calidade físico-química.** Medimos unha serie de parámetros e os resultados son os seguintes: Temperatura de 16º , transparencia boa (aprécianse os 4 sectores), nitratos entre 5-20mg/l, osíxeno disolto de 4mg/l e nivel de saturación de osíxeno do 37%.

3.- **Calidade Biolóxica:** para valorala, fixémonos sobre todo nos macroinvertebrados, pero tamén nas plantas acuáticas e de ribeira, nas árbores e nas especies exóticas. Nesta ocasión adicamos bastante tempo ó estudio de plantas típicas da época por estar en plena floración moitas delas.

Macroinvertebrados: Capturámoslos co trueiro, coma sempre e dan unha idea rápida da calidade do ecosistema xa que son organismos bioindicadores. Identificamos: tricópteros (larvas con estuche) de tipo Limnephilidae, efemerópteros (Baetidae e Ephemeridae), larvas de libélula (Gomphidae e Libellulidae), moluscos (pequenas caracolas e algunha lapa), heterópteros tipo Gerridae (zapateiro común) e Notonectidae (Notonecta glauca), arácnidos, escorpión de auga (Nepidae), larvas de cabaliño do demo (Calopterygidae), escribanos (Gyrinidae),

Segundo os macroinvertebrados atopados, tendo en conta que cada familia ten unha categoría (moi boa, boa, moderada, deficiente e mala) e que para determinar o rango de calidade debemos atopar polo menos 3 familias representadas que indiquen o mesmo, chegamos á conclusión de que o tramo de río estudado presenta boa calidade porque bioindicadores deso son os odonatos ou larvas de libélulas, os tricópteros (Limnefílidos) e as efímeras.

Plantas acuáticas: Fomos fixándonos nalgunha das máis típicas como pé de boi tanto mergullada como fóra da auga, o lirio amarelo(*Iris pseudachorus*), as lentellas de auga (*Lenma minor*) e tamén a espiga de (*Potomageton natans*) en zonas onde a auga tende a estancarse, o ranúnculo ou herba das almorranas (*Ranunculo ficaria*),...

Briófitas: Identificamos hepáticas (*Marchantia polymorpha*) e algún musgo (*Bryum capillare*)

Pteridófitas: atopamos o fento real (*Osmunda regalis*), o fento común (*Pteridium aquilinum*) e tamén o fento das pedras (*Polypodium vulgare*)

Plantas de beira do río: Posto que estamos en plena floración de moitas plantas comúns, nesta saída decidimos tamén fotografar e recoñecer algunhas delas: *Digitalis purpurea*, *Ranunculus acris*, *Geranium robertianum*, *Pentaglotis sempervirens*, *Urtica dioica*, *Fragaria vesca*, *Sedum album*, *Linaria triornitophora*, *Rubus fruticosus*, *Umbilicus rupestris*, *Helicrysum foetidum*

Árbores de ribeira: Atopamos árbores típicas de ribeira como ameneiro, salgueiro, freixo, e loureiro.

Plantas invasoras: como especies foráneas, seguimos atopando carballo americano e cerdeiras ornamentais e nas inmediacións moito eucalipto. Ademais cada vez, máis cerca porque na marxe dereita repoboaron unha finca con esta especie e xa están medrando.

Conclusión:

Comparando os datos obtidos cos de outras campañas deducimos que o río segue a estar en bo estado, con moi pequenas variacións. A actividade en xeral, resultou ben e seguiremos con ela porque resulta motivadora e interesante. Con estudos sinxelos, pódese saber o estado de saúde do ecosistema e axudar a concienciar da importancia que ten fomentar a conservación do medio natural.